




XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



DEPUTACIÓN
DE LUGO
VICEPRESIDENCIA

CICLO DE CONFERENCIAS A VIDA CASTREXA NO GOLFO ÁRTABRO

Dirección e Coordinación
X. M. Casabella/Samuel Ni6n

OUTUBRO 2023

Martes 20:00h.

Salón de actos
Real Academia Galega de Belas Artes
Praza Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
A Coruña



Real Academia Galega
de Belas Artes

Dicía Federico Maciñeira que as fontes escritas sobre os galaicos adoitaban ser inconexas, imprecisas e defectuosas. Isto non foi un obstáculo, non obstante, para que historiadores e arqueólogos exprimisen os seus miolos na procura da localización das aras sestianas, das Casitérides ou do Porto Magno dos Ártabros. A investigación histórica e arqueolóxica experimentou moitos cambios dende as reflexións do erudito ortegano, acadando unha madurez científica e unha precisión insospeitada por aquel entón. Non obstante, moitas das dúbidas que asolagaban as mentes dos nosos precursores aínda seguen vixentes nas nosas.

Neste ciclo de conferencias, distintos puntos de vista procurarán arrojar luz sobre o mundo ártabro, un contexto tan atraínte como esquivo. Francisco Javier González García analizará o reflexo dos ártabros nas fontes escritas, explorando o por qué do interese de púnicos e romanos nestas afastadas terras e a influencia destes contactos ao longo do tempo. Lois Ladra analizará o fenómeno dos torques, probablemente as pezas máis coñecidas do mundo galaico, centrándose na dimensión e relevancia dos coñecidos como "torques ártabros". Samuel Nión Álvarez afrontará o estudo das interaccións entre púnicos, romanos e ártabros, explorando a influencia destes contactos na sociedade e na materialidade do Castro de Elviña e da Península da Coruña. Finalmente, Xosé Lois Armada Pita analizará o fenómeno da produción de metal no territorio ártabro, observando o papel social de pezas como arracadas, machados ou sítulas de bronce.

A través das verbas de catro investigadores con distintos enfoques e visións de gran profundidade sobre a Idade do Ferro, mergullarémonos no mundo castrexo, atravesando a fin do mundo para coñecer a vida dos habitantes da terra que florecía de prata, estaño e ouro branco.

Outubro
20: 00 horas

Martes 3

El Noroeste en la Edad del Hierro: entre el Atlántico y el Mediterráneo. El papel de los ártabros

Francisco Javier González García

Profesor Titular de Historia Antiga na Universidade de Santiago de Compostela, tamén desenvolveu a súa investigación no Centre Luis Gernet de París e na Université de Nanterre-Paris X. Dirixiu varios proxectos de investigación a escala nacional e internacional, e é autor de máis de 40 traballos de investigación a escala internacional, destacando máis de 10 monografías. A súa investigación está centrada na plasmación dunha visión antropolóxica das sociedades protohistóricas e antigas.

Martes 10

Os torques galaicos na fachada ártabra

Lois Ladra

Arqueólogo e antropólogo, formado na Universidade Complutense de Madrid, na USC e na Universidade de Porto. Investigador independente, formou parte de grandes proxectos de escavación realizados en España e Galicia, e é autor de varias monografías científicas e de divulgación. A súa investigación está centrada na etnografía contemporánea e na ourivería prehistórica.

Martes 17

O Castro de Elviña: interaccións culturais e dinámicas sociopolíticas

Samuel Nión Álvarez

Investigador posdoutoral na USC, tamén desenvolveu a súa investigación no INCIPIT-CSIC e na Universidade de Edimburgo. Foi director de máis de 10 proxectos de investigación arqueolóxica, e conta con máis de 20 publicacións a escala internacional. A súa investigación está centrada nas transformacións sociais das sociedades prehistóricas e antigas da Europa Atlántica.

Martes 31

Metalurxia e ourivería no territorio ártabro

Xosé Lois Armada Pita

Científico titular no INCIPIT-CSIC, tamén desenvolveu a súa investigación na Universidade de Durham e no University College of London. Dirixiu varios proxectos a escala nacional e europea, e é autor de máis de 70 traballos de investigación a escala internacional. A súa investigación está enfocada ao estudo da metalurxia protohistórica.